

# 100 TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (1990-2015)

## Formación complementaria e especialización profesional das persoas tituladas



Páxinas: 518  
Ano: 2019  
ISBN: 978-84-121-393-1-0  
Depósito legal: VG 686-2019

A Universidade de Vigo (UVigo) iniciou a súa andaina no curso 1989/90 con 9 titulacións. Xa pasaron trinta anos e, ao longo deste período, foron impartidas 101<sup>1</sup> titulacións entre ciclos (diplomaturas, enxeñarías técnicas, enxeñarías superiores e licenciaturas) e graos dos ámbitos das Artes e Humanidades (17), Ciencias da Saúde (4), Científico (11), Tecnolóxico (28) e Xurídico-Social (40). Nunca se observou un incremento tan espectacular na historia do sistema universitario español no tocante aos estudos que se foron implantando desde o nacemento desta institución académica.

### 1. Triloxía 1990-2015

Este estudo culmina un ciclo iniciado en 2017 coa publicación de [71.487 persoas tituladas da Universidade de Vigo \(1990-2015\). Evolución da oferta académica](#). No ano 2018 o Observatorio de Persoas Tituladas publicaba o [Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo \(1990-2015\)](#), no que se recollían os resultados dunha macro enquisa sobre inserción laboral aplicada aos antigos estudantes da UVigo entre 1990 e 2015.

Porén, estaba pendente a análise dos resultados de dúas preguntas abertas desa macro enquisa aplicada polo Observatorio de Persoas Tituladas ás promocións comprendidas entre os cursos 1989/90 e 2014/15 e que non foran incorporados na redacción final do antedito estudo.

### 2. Obxectivos

O obxectivo principal deste estudo consistiu en determinar as necesidades formativas complementarias de especialización profesional demandadas polas persoas tituladas da Universidade de Vigo nese período despois de se teren inserido no mercado de traballo, ben como coñecer as materias susceptibles de

---

<sup>1</sup> O Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo dispón de información explícita sobre 100 das 101 titulacións ofertadas neste período. Porén, por no dispormos de datos, este estudo non inclúe o Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Francés).

transmisión docente en que están especializadas profesionalmente. Noutras palabras, estes dous aspectos fan referencia ás materias/temáticas nas que, segundo os antigos estudantes, a UVigo debería ofertar unha mellor ou máis ampla formación para satisfacer as súas necesidades de especialización profesional e as materias nas que podería ser útil a transmisión da súa experiencia profesional unha vez inseridos no mercado de traballo.

### **3. Estrutura do Informe**

Os apartados iniciais da Introducción e Xustificación deste traballo expoñen os principais motivos e antecedentes sobre a necesidade da súa realización por parte do Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo.

A primeira parte do estudo remarca o obxectivo principal e os específicos que o completan. Logo a seguir, na segunda parte é descrita a Metodoloxía utilizada que contén toda a información sobre a operativa implementada neste traballo. Nesta parte é abordado principalmente o tratamento e procesamento dos datos obtidos de cara á consecución de conclusións. A terceira parte mostra os resultados globais dos aspectos abordados neste estudo, sendo analizados a partir de cadros e múltiples notas de rodapé nos que se realiza unha avaliación detallada das respostas sintetizadas. A parte cuarta analiza máis concretamente os resultados globais obtidos polas temáticas/materias comúns a varias titulacións.

Finalmente, a quinta parte deste volume recolle, en forma de resumo executivo, as principais conclusións que se poden tirar deste estudo.

Adicionalmente os Anexos incorporan unha análise segmentada dos resultados para cada titulación avaliada por xénero e evolución quinquenal.

## **4. Metodoloxía**

### **4.1 Cuestionario**

Os aspectos relacionados coas dúas preguntas da enquisa aplicada foron formulados en modo aberto; isto é, dando a posibilidade de transmitir libremente e sen limitacións os contidos asociados ás materias ou ámbitos específicos. Por este motivo, a suma das materias/temáticas das diferentes titulacións (desenvolvida na Parte III do libro e Anexo 3 e seguintes) supera o 100% e, nalgúns casos, pódese detectar a existencia de oscilacións nas porcentaxes de cada materia en consecuencia do efecto de arredondar o segundo decimal e do proceso de agregación/desagregación das materias avaliadas.

### **4.2 Ficha de cada titulación**

A Parte III recolle os resultados obtidos neste estudo para as 100 titulacións avaliadas, mostrando, ademais, para cada unha delas, aspectos como a súa vixencia (período comprendido entre a primeira e a última promoción, se así for),

campus universitario (Ourense, Pontevedra e Vigo), distribución por xéneros, formación de posgrao, titulación universitaria adicional completada, situación socio laboral actual e taxa de ocupación.

Relativamente ao posto de traballo actual das persoas que traballan é definida a rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo, lugar de traballo e categoría profesional. Tamén se mostra a relación existente entre o traballo actual e os estudos realizados, ben como a existente entre as exixencias deste e o nivel académico adquirido na UVigo. Todas estas peculiaridades foron descritas detalladamente no antedito *Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015)*.

As 100 titulacións, ordenadas alfabeticamente, están agrupadas por ámbitos académicos segundo a seguinte distribución:

1. Artes e Humanidades I: Arte e historia.
2. Artes e Humanidades II: Filoloxías e idiomas.
3. Ciencias da Saúde
4. Científico
5. Tecnolóxico
6. Xurídico-Social I: Ciencias empresariais e ciencias económicas.
7. Xurídico-Social II: Ciencias xurídicas, do traballo e da administración.
8. Xurídico-Social III: Ciencias da educación.
9. Xurídico-Social IV: Ciencias da información/comunicación e turismo.

Os Anexos incorporan os resultados segmentados das dúas preguntas obxecto de análise singular neste estudo por xénero e evolución temporal (quinquenios).

#### **4.3 Procesamento de datos**

Para abordar a realización dun proceso que conducise a uns resultados que permitisen unha comparación entre titulacións e por ámbitos académicos (parte III do estudo), xénero e evolución temporal (recollidos nos Anexos), optouse por sintetizar e recodificar as respostas recibidas, sen que iso comportase ningunha perda na escolla que cada unha das persoas inquiridas quixo plasmar.

O procesamento dos datos recompilados no cuestionario tivo a dificultade extrema de que se partía de opinións expostas con diferentes formas de redacción, idioma, sintaxe ou mesmo metodoloxía narrativa. Unificalas foi tarefa difícil e talvez non se teña conseguido na súa plenitude. Por iso, o lector/a poderá observar que non todas as materias/temáticas incluídas tanto nas necesidades formativas como na especialización profesional se corresponden estrita e necesariamente coas áreas de coñecemento existentes, co nomenclátor das diferentes materias que conforman os planos de estudo das diferentes titulacións ou cos campos de aplicación establecidos. Así sendo, a redacción deses aspectos incluídos neste estudo tentouse adaptar o máis fidedignamente posible ás ideas expostas polos inquiridos nas súas respostas.

O tratamento e procesamento dos datos foi unha tarefa complexa, pois exixiu un exercicio de agregación temática e relacións (multi)disciplinarias en que se

combinaron diferentes elementos. No caso da avaliación das materias necesarias de formación complementaria, foi preciso establecer diferentes relacións entre os termos facilitados polas persoas tituladas coas materias impartidas na UVigo e áreas do saber. Con respecto ás materias/temáticas susceptibles de transmisión, na hipótese da participación en seminarios, cursos e/ou seminarios como colaboración coa UVigo, houbo que establecer relacións entre a especialización profesional asignada por cada persoa cos campos de aplicación de cada titulación, materias e/ou materias básicas.

Sexa como for, o resultado do procesamento e recodificación da información recollida é o plasmado na Parte III deste Informe, incluíndo numerosas notas de rodapé que complementan as categorías definidas para cada titulación. Os autores deste estudo non descartan que unha aproximación distinta ou máis especializada a esta temática tería conducido a resultados menos controvertibles.

#### **4. Competencias**

Unha primeira aproximación ás respostas que as persoas tituladas da UVigo inquiridas ofreceron permitiu establecer unha primeira categorización das diferentes materias/temáticas referidas na macro enquisa aplicada: habilidades duras/técnicas e habilidades brandas/subxectivas.

**4.1 Competencias técnicas:** As competencias técnicas ou duras (en inglés "hard skills") son aquelas que poden ser aprendidas e son facilmente cuantificadas, pois entran no currículo académico, son adquiridas e aprendidas nas aulas das facultades e escolas, ou mesmo coa experiencia profesional no posto de traballo. Son, por tanto, cuantificables e medibles a partir da formación, experiencia laboral ou através de entrevistas. Outra característica é que estas competencias son específicas para cada área académica e titulación.

**4.2 Competencias brandas:** Neste concepto (en inglés "soft skills") agrúpanse unha serie de competencias subxectivas de difícil identificación e avaliación e directamente ligadas á intelixencia emocional das persoas. Tamén son coñecidas como habilidades con persoas (people skills) ou habilidades interpersoais (interpersonal skills) porque están ligadas á forma de relacionarse e interactuar entre si.

Diferentes das habilidades técnicas, estas capacidades son adquiridas normalmente a partir das experiencias vividas ao longo do tempo e non se encontran en libros ou nos planos de estudo das titulacións universitarias. Por iso, son interesantes para calquera tipo de actuación profesional.

Competencias subxectivas máis destacadas:

- Actitude cara o traballo/motivación
- Comunicación/técnicas de comunicación
- Cortesía
- Resolución de problemas/conflictos
- Pensamento creativo/creatividade

- Empatía
- Ética profesional
- Flexibilidade/resiliencia
- Liderado
- Habilidades interpersoais
- Positividade
- Traballo en equipo
- Outras: persuasión, xestión do tempo, intelixencia emocional, intelixencias múltiples, profesionalismo, pensamento crítico, rede de contactos activos (networking), toma de decisión, organización...

Estas competencias, hábitos e comportamentos permiten diferenciar a dúas persoas en igualdade de formación e resultados académicos no momento de emprender un proxecto, solucionar un conflito ou interactuar con outras persoas e tamén son valoradas nos procesos de selección e contratación de profesionais polos departamentos de persoal e recursos humanos das empresas.

**4.3 Competencias multidisciplinares:** Ao analizar as materias/temáticas observouse a existencia de determinadas competencias técnicas e habilidades que, aínda constituíndo nalgúns casos materias básicas específicas dunha rama de coñecemento determinada, se presentan en diferentes titulacións pertencentes a ramas de coñecemento distintas.

Principais competencias multidisciplinares:

- Administración de empresas
- Emprendemento
- Formación e orientación laboral
- Idiomas
- Informática
- Matemáticas
- Novas tecnoloxías (de Información e Comunicación)
- Prácticas en empresas (practicum)

Por iso, estes oito aspectos son analizados separadamente do resto de habilidades técnicas de cada ámbito académico na Parte IV do estudo.

## 5. Análise dos resultados globais

Este apartado mostra os resultados globais tanto das materias/temáticas que constitúen as necesidades formativas complementarias como a especialización profesional transmisíbel e que presentan porcentaxes maioritarias (superiores ou iguais a 50%), incluíndo todas as tipoloxías de competencias (duras, multidisciplinares e brandas) consideradas no estudo por ámbitos académicos.

## 5.1 Competencias duras

### Artes e Humanidades II

Necesidades formativas complementarias		Especialización profesional transmisible	
Corrección/edición de textos	Lic en Tradución e Interpretación/Gal-Fr (50,0%)	Localización	Grao en Tradución e Interpretación/Es-In (57,2%)
		Ferramentas CAT	Grao en Tradución e Interpretación/Gal-In (57,1%)
		Corrección de textos (50%) Tradución especializada (50%)	Lic en Tradución e Interpretación/Gal-Fr

### Ciencias da Saúde

Necesidades formativas complementarias		Especialización profesional transmisible	
Especialidades de Enfermería	Grao en Enfermería (51,8%) Dip en Enfermería (50,1%)	Especialidades de enfermería	Grao en Enfermería (80,3%) Diplomatura en Enfermería (70,8%)
		Fisioterapia especializada	Dip en Fisioterapia (57,3%)

### Científico

Necesidades formativas complementarias		Especialización profesional transmisible	
Biotecnoloxía Bromatoloxía Química Tecnoloxía alimentar	Grao en Ciencia e Tec dos Alimentos (50,0%)	Tecnoloxía alimentar	Grao en Ciencia e Tec dos Alimentos (100%)
Xestión ambiental	Grao en CC Ambientais (50,0%)	Química analítica	Grao en Química (71,4%)
		Oceanografía	Grao en Ciencias do Mar (70%)
		Ecología (57,2%) Xestión ambiental (57,2%)	Grao en Ciencias Ambientais
		Física xeral	Lic en Física (56,5%)

### Tecnolóxico

Necesidades formativas complementarias		Especialización profesional transmisible	
Electrotecnia	Grao en Enx Eléctrica (83,3%) Enx en Automática e Electrónica Industrial (75%)	Procesos químico-industriais	Grao en Enx en Química Industrial (87,5%)
Sistemas electrónicos	Enx en Automática e Electrónica Industrial (75%)	Linguaxes de programación	Grao en Enx en Electrónica Industrial e Automática (80%) Grao en Enx Informática (66,7%)

Software CAD	Grao en Enx dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (66,7%)	Enxeñaría térmica	Grao Enx da Enerxía (77,7%)
Procesos químico-industriais	Grao en Enx en Química Industrial (55,5%)	Electrotecnia Sistemas electrónicos	Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial (75% ambas)
Redes eléctricas	Grao en Enx Eléctrica (50%)	Enerxías renovables	Grao Enx da Enerxía (66,7%)
Enxeñaría de control Enxeñaría de software	Enx en Automática e Electrónica Industrial (50% ambas)	Producción Lean	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (66,7%)
		Enxeñaría de sistemas	Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (60%)
		Xestión ambiental	Grao en Enx Forestal (60%)
		Explosivos Mecánica de fluídos Soldadura Termodinámica	Grao Enx dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (50%)
		Instalacións eléctricas Redes eléctricas	Grao Enx Eléctrica (50%)
		Enxeñaría de control	Enx en Automática e Electrónica Industrial (50%)

### Xurídico-Social I

Necesidades formativas complementarias		Especialización profesional transmisible	
Contabilidade	Grao en ADE (52,1%)	Contabilidade	Grao en Economía (76,9%)

### Xurídico-Social II

Necesidades formativas complementarias		Especialización profesional transmisible	
Xestión de recursos humanos (66,6%) Dereito do traballo (53,4%)	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Dereito do traballo	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (66,7%)
		Dereito administrativo	Grao en Dirección e Xestión Pública (58,3%)

### Xurídico-Social III<sup>2</sup>

Especialización profesional transmisible	
Servizos sociais públicos	Grao en Traballo Social (87,5%)
Intervención en educación social	Grao en Educación Social (69,3%)
Especialidades deportivas	Grao en CC da Actividade Física e do Deporte (54,4%)
Necesidades educativas especiais	Dip Mestre/Educación Especial (54,3%)

### Xurídico-Social IV<sup>3</sup>

<sup>2</sup> Ningunha necesidade formativa complementaria alcanza o 50%

<sup>3</sup> Ningunha necesidade formativa complementaria alcanza o 50%.

Especialización profesional transmisible	
Comunicación	Lic en Publicidade e Relacións Públicas (50,6%)

## 5.2 Competencias multidisciplinares

### Artes e Humanidades I<sup>4</sup>

Necesidades formativas complementarias	
Formación e orientación laboral	Grao en Xeografía e Historia (60%)

### Artes e Humanidades II

Necesidades formativas complementarias		Especialización profesional transmisible	
Idiomas	Grao en Linguas Estranxeiras (71,4%)	Idiomas	Grao en Tradución e Interpretación/Es-fr (100%) Grao en Linguas Estranxeiras (57,2%) Lic en Tradución e Interpretación/Gal-in (50%)

### Tecnolóxico

Necesidades formativas complementarias		Especialización profesional transmisible	
Matemáticas	Grao en Recursos Mineiros e Enerxéticos (66,7%)	Idiomas	Grao en Enx en Tecnoloxías Industriais (50%)

### Xurídico-Social III<sup>5</sup>

Especialización profesional transmisible	
Idiomas	Dip Mestre Lingua Estranxeira (70%)

## 5.3 Competencias brandas

### Tecnolóxico<sup>6</sup>

Necesidades formativas complementarias	
Enxeñaría de Organización Industrial (63,7%)	

### Xurídico-Social II<sup>7</sup>

Necesidades formativas complementarias	
Grao en Dereito (50,4%)	

## 6. Análise por xéneros

Este apartado mostra, por xéneros, as materias/temáticas que constitúen as necesidades formativas complementarias e a especialización profesional transmisíbel. En ambos casos diferénciase as materias/temáticas con predominio feminino e masculino das competencias consideradas neste estudo (duras, multidisciplinares e brandas) por ámbitos académicos.

<sup>4</sup> Ningunha especialización profesional transmisible alcanza o 50%.

<sup>5</sup> Ningunha necesidade formativa complementaria alcanza o 50%.

<sup>6</sup> Ningunha especialización profesional transmisible alcanza o 50%.

<sup>7</sup> Ningunha especialización profesional transmisible alcanza o 50%.



Por xéneros obsérvase que a mostra está formada integramente por mulleres en dúas titulacións<sup>8</sup> e por homes nunha<sup>9</sup>.

## 6.1 Necesidades formativas complementarias

Alén das titulacións referidas no apartado anterior, a mostra obtida está formada integramente por mulleres en catro graos<sup>10</sup> e por homes nun<sup>11</sup>.

### 6.1.1 Competencias duras

#### Artes e Humanidades II

Predominio feminino		Predominio masculino	
Corrección de textos	Lic en Tradución e Interpretación/Gal-Fr (50%)	Tradución especializada	Grao en Tradución e Interpretación/Gal-Ing (66,7%) Lic en Tradución e Interpretación (62,5%)
		Dereito e turismo	Grao en Linguas Estranxeiras (50%)
		Localización	Lic en Tradución e Interpretación/Gal-Ing (50%)

#### Ciencias da Saúde

Predominio feminino		Predominio masculino	
Especialidades de enfermaría	Grao en Enfermaría (53,6%) Dip en Enfermaría (50,8%)	Especialidades de Enfermaría	Dip en Enfermaría (50%)

#### Científico

Predominio feminino		Predominio masculino	
Biotecnoloxía Bromatoloxía Química Tecnoloxía alimentar	Grao en Ciencia e Tec dos Alimentos (50% cada unha)	Xestión ambiental Ecoloxía	Grao en Ciencias Ambientais (100% ambas)
		Bioloxía Conservación ambiental	Grao en Ciencias Ambientais (50% ambas)
		Química orgánica	Grao en Química (50%)

#### Tecnolóxico

Predominio feminino		Predominio masculino	
Bioenxeñaría Procesos químico-industriais	Grao en Enx en Química Industrial (100%)	Sistemas electrónicos	Enx en Automática e Electrónica Industrial (100%)

<sup>8</sup> Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Licenciatura en Tradución e Interpretación (especialidade Galego-Francés)

<sup>9</sup> Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática.

<sup>10</sup> Graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Educación Social, Consultoría e Xestión da Información e Estudos de Galego e Español.

<sup>11</sup> Grao en Enxeñaría Eléctrica.

Electrotecnia Enxeñaría de control	Enx en Automática e Electrónica Industrial (100%)	Electrotecnia	Grao en Enx Eléctrica (83,3%) Enx en Automática e Electrónica Industrial (66,7%)
Redes de comunicación	Enx Téc de Telecomunicación/Sistemas de Telecomunicación (100%)	Software CAD Fitosanitarios Xestión de datos	Grao en Enx Agraria (66,7% cada unha)
Automatización industrial	Grao en Enx da Enerxía (66,7%) Grao en Enx en Tecnoloxías Industriais (66,7%)	Enxeñaría de software	Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial (66,7%)
Software CAD	Grao en Enx dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (66,7%)	Redes eléctricas	Grao en Enx Eléctrica (50%)
Sistemas informáticos	Grao en Enx Informática (66,7%)	Linguaxes de programación Sistemas informáticos	Grao en Enx en Electrónica Industrial e Automática (50% cada unha)
Sistemas intelixentes	Grao en Enx de Tecnoloxías de Telecomunicación (66,7%)	Xestión de datos	Grao en Enx en Org Industrial (50%)
Xestión ambiental	Enx Téc Forestal (51,5%) Grao en Enx Agraria (50%)	Programación Web	Grao en Enx en Tecnoloxías Industriais (50%) Grao en Enx Informática (50%)
Software CAD	Grao en Enx Agraria (50%)		
Producción Lean	Grao en Enx en Organización Industrial (50%)		
Silvicultura	Grao en Enx Forestal (50%)		

### Xurídico-Social I

<b>Predominio feminino</b>	
Contabilidade	Grao en ADE (65,2%)

### Xurídico-Social II

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Xestión de recursos humanos	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (69,2%)	Dereito do traballo	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (100%) Dip en Graduado Social (50%)
		Dereito administrativo Outras especialidades de dereito	Grao en Dereito (50% cada unha)
		Xestión de recursos humanos	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (50%)

### Xurídico-Social III

<b>Predominio masculino</b>	
Intervención no traballo social	Grao en Traballo Social (100%)
Innovación educativa	Grao en Educación Infantil (60%)

Psicoloxía	Dip Mestre/Lingua Estranxeira (50%)
Outros servizos de saúde	Grao en Traballo Social (50%)

#### Xurídico-Social IV

<b>Predominio feminino</b>	
Posproducción audiovisual	Grao en Comunicación Audiovisual (63,7%)

### 6.1.2 Competencias multidisciplinares

#### Artes e Humanidades I

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Formación e orientación laboral	Grao en Xeografía e Historia (50%)	Formación e orientación laboral	Grao en Xeografía e Historia (100%)

#### Artes e Humanidades II

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Formación e orientación laboral	Grao en Tradución e Interpretación/Gal-Ing (60%)	Formación e orientación laboral	Lic en Tradución e Interpretación/Gal-Ing (50%)
Idiomas	Grao en Linguas Estranxeiras (82,9%)	Idiomas	Grao en Tradución e Interpretación/Es-fr (100%)

#### Científico

<b>Predominio masculino</b>	
Matemáticas	Grao en Ciencias do Mar (50%)
Prácticas en empresas	Grao en Química (50%)

#### Tecnolóxico

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Idiomas	Enx eu Automática e Electrónica Industrial (100%) Grao en Enx en Tecnoloxías Industriais (66,7%)	Administración de empresas	Grao en Enx en Química Industrial (60%)
Matemáticas	Grao en Enx dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (66,7%)		
Informática	Grao en Enx Agraria (50%) Grao en Enx Forestal (50%)		
Administración de empresas	Grao en Enx en Organización Industrial (50%)		

#### Xurídico-Social I

<b>Predominio masculino</b>	
Idiomas, formación e orientación laboral e informática	Grao en Comercio (50% cada unha)

#### Xurídico-Social II

<b>Predominio masculino</b>
-----------------------------

Administración de empresas	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (50%)
Formación e orientación laboral	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (50%)

### Xurídico-Social III

<b>Predominio masculino</b>	
Idiomas e prácticas en empresas	Grao en Traballo Social (50% ambas)

### Xurídico-Social IV

<b>Predominio masculino</b>	
Prácticas en empresas	Grao en Turismo (66,7%)

## 6.1.3 Competencias brandas

### Tecnolóxico

Predominio feminino	Predominio masculino
Enxeñaría en Organización industrial (60%)	Enxeñaría de Organización Industrial (66,7%)

### Xurídico-Social I

<b>Predominio masculino</b>	
Grao en Comercio (100%)	

### Xurídico-Social II

<b>Predominio masculino</b>	
Grao en Dereito (66,7%)	

### Xurídico-Social III

<b>Predominio masculino</b>	
Grao en Traballo Social (50%)	

## 6.2. Especialización profesional transmisible

Alén das materias referidas na epígrafe 6, a mostra obtida está formada integramente por mulleres en cinco graos<sup>12</sup> e por homes en catro<sup>13</sup>.

### 6.2.1 Competencias duras

#### Artes e Humanidades I

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Historia	Grao en Xeografía e Historia (50%)	Historia	Grao en Xeografía e Historia (100%) Lic en Historia (50%)

#### Artes e Humanidades II

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Idiomas	Grao en Tradución e Interpretación/Es-fr (100%) Grao en Linguas Estranxeiras (57,2%)	Localización Tradución audiovisual	Grao en Tradución e Interpretación/Es-in (100% ambas)

<sup>12</sup> Graos en Comercio, Educación Social, Consultoría e Xestión da Información, Linguas Estranxeiras e en Tradución e Interpretación Galego-Inglés.

<sup>13</sup> Graos en Enxeñaría Agraria, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría Informática e en Enxeñaría Mecánica.

	Lic en Tradución e Interpretación/Gal-in (53,7%)		
Ferramentas CAT	Grao en Tradución e Interpretación/Gal-in (57,1%)	Tradución especializada	Lic en Tradución e Interpretación (71,5%) Lic en Tradución e Interpretación/Es-fr (50%)
Literatura	Grao en Estudos de Galego e Español (50%)	Tradución e interpretación	Lic en Tradución e Interpretación (50% ambas)
Docencia Literatura española	Grao en Tradución e Interpretación/Es-fr (50% cada unha)		
Tradución especializada	Lic en Tradución e Interpretación/Gal-fr (50%) Grao en Tradución e Interpretación/Es-fr (50%)		
Corrección de textos	Lic en Tradución e Interpretación/Gal-fr (50%)		

### Ciencias da Saúde

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Especialidades de enfermaría	Grao en Enfermaría (76,5%) Diplomatura en Enfermaría (70,6%)	Especialidades de enfermaría	Grao en Enfermaría (100%) Dip en Enfermaría (73,4%)
Fisioterapia especializada	Diplomatura en Fisioterapia (60%)	Fisioterapia especializada Fisioterapia xeral	Dip en Fisioterapia (50% ambas)

### Científico

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Tecnoloxía alimentar	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (100%)	Tecnoloxía alimentar Procesos da industria alimentar Química analítica	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (100% cada unha)
Xestión ambiental	Grao en Ciencias Ambientais (75%)	Ecología Conservación da biodiversidade	Grao en Ciencias Ambientais (100% ambas)
Química analítica	Grao en Química (75%)	Oceanografía	Grao en Ciencias do Mar (75%)
Oceanografía	Grao en Ciencias do Mar (66,7%)	Física xeral	Lic en Física (73,4%)
Zooloxía Técnicas de laboratorio	Grao en bioloxía (50%)	Química analítica Química orgánica Xestión ambiental	Grao en Química (66,7% cada unha)
Microbioloxía	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (50%)	Química xeral	Lic en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (55,5%)
Bioloxía	Grao en Ciencias do Mar (50%)	Modelización oceánica	Grao en Ciencias do Mar (50%)
Xestión da calidade	Grao en Ciencias Ambientais (50%)	Prevenção de riscos profesionais	Lic en Ciencias Químicas (50%)
Química xeral	Grao en Química (50%)		

## Tecnolóxico

Predominio feminino		Predominio masculino	
Procesos químicos-industriais	Grao en Enx en Química Industrial (150%)	Producción Lean	Grao en Enx en Organización Industrial (100%)
Enxeñaría Térmica	Grao en Enx da Enerxía (100%)	Electrotecnia Sistemas electrónicos	Enx en Automática e Electrónica Industrial (100% ambas)
Linguaxes de programación Automatización industrial	Grao en Enx Electrónica Industrial e Automática (100% ambas)	Linguaxes de programación Enxeñaría de sistemas	Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (75% ambas)
Loxística	Grao en Enx en Organización Industrial (100%)	Xestión ambiental	Grao en Enx Forestal (75%)
Industrias forestais	Grao en Enx Forestal (100%)	Enxeñaría térmica Enerxías renovábeis	Grao en Enx da Enerxía (71,5%)
Enxeñaría de control	Enx en Automática e Electrónica Industrial (100%)	Linguaxes de programación	Grao en Enx Informática (66,7%)
Redes de comunicación (100%) Servizos de telecomunicación (66,7%)	Enx Téc de Telecomunicación/Sistemas de Telecomunicación	Instalacións eléctricas Redes eléctricas	Grao en Enx Eléctrica (50% ambas)
Bioenxeñaría	Grao en Enx en Química Industrial (75%)	Manutención Organización industrial Organización e xestión da produción	Grao en Enx en Organización Industrial (50% cada unha)
Procesado de sinal	Grao en Enx de Tecnoloxías de Telecomunicación (66,7%)	Procesos industriais Sistemas eléctricos	Grao en Enx en Tecnoloxías Industriais (50% cada unha)
Instalacións Enerxías renovábeis	Enx Téc Industrial/Electricidade (62,5% ambas)	Construción	Grao en Enx Forestal (50%)
Xestión ambiental	Enx Téc Forestal (51,9%)		
Enerxías renovábeis Eficiencia enerxética	Grao en Enx da Enerxía (50% ambas)		
Explosivos Mecánica de fluídos Soldadura Termodinámica	Grao en Enx dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (50% cada unha)		
Programación Web Software 3D	Grao en Enx en Tecnoloxías Industriais (50% ambas)		

Producción Lean Xestión da calidade	Enx de Organización Industrial (50% ambas)		
--	---	--	--

### Xurídico-Social I

Predominio feminino		Predominio masculino	
Contabilidade	Grao en ADE (61,3%) Grao en Economía (60,0%)	Contabilidade	Grao en Economía (87,5%) Lic en CC Económicas e Empresariais/Empresariais (57,2%)
		Finanzas	Grao en Economía (50%)

### Xurídico-Social II

Predominio feminino		Predominio masculino	
Dereito administrativo	Grao en Dirección e Xestión Pública (70,5%)	Dereito do traballo	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (100%)
Dereito do traballo	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (57,2%)	Xestión de recursos humanos	Grao en Dirección e Xestión Pública (75%) Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (50%)
Xestión de recursos humanos	Dip en Graduado Social (50%)	Dereito administrativo	Grao en Dereito (71,5%)
Dereito mercantil	Grao en Dereito (50%)	Xestión administrativa	Grao en Dirección e Xestión Pública (50%)
Outras especialidades de dereito	Grao en Dirección e Xestión Pública (50%)		

### Xurídico-Social III

Predominio feminino		Predominio masculino	
Servizos sociais públicos	Grao en Traballo Social (100%)	Saúde	Grao en Traballo Social (100%)
Intervención en educación social	Grao en Educación Social (69,3%)	Necesidades educativas especiais	Dip Mestre/Educación Especial (80%)
Necesidades educativas especiais	Dip Mestre/Educación Especial (51,1%)	Novas tecnoloxías docentes	Grao en Educación Infantil (66,7%)
Docencia	Dip Profesorado de EXB (51,1%)	Atención á deficiencia	Dip Mestre/Educación Especial (60%)
Especialidades deportivas	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (50%)	Programación didáctica	Dip Mestre/Lingua Estranxeira
		Especialidades deportivas	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (55,7%)
		Docencia	Dip Mestre/Educación Física (50%)

### Xurídico-Social IV

Predominio feminino		Predominio masculino	
Producción audiovisual	Lic en Comunicación Audiovisual (54,3%)	Xestión hostaleira	Grao en Turismo (100%)

Xestión hostaleira	Dip en Turismo (50%)	Producción AV Posproducción AV	Grao en Comunicación Audiovisual (50% ambas)
		Planificador de medios Xestión de redes sociais Deseño gráfico	Grao en Publicidade e Relacións Públicas (50% cada unha)
		Atención ao cliente	Grao en Turismo (50%)

## 6.2.2 Competencias multidisciplinares

### Artes e Humanidades I

<b>Predominio feminino</b>	
Idiomas	Grao en Xeografía e Historia (50%)

### Artes e Humanidades II

<b>Predominio masculino</b>	
Novas tecnoloxías	Grao en Estudos de Galego e Español (100%)
Informática	Grao en Tradución e Interpretación/Es-in (50%)
Formación e orientación laboral	Lic Tradución e Interpretación/Es-fr (50%)
Emprendemento	Lic Tradución e Interpretación/Es-in (50%)

### Tecnolóxico

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Administración de empresas	Enx de Organización Industrial (100%)	Administración de empresas	Grao en Enx en Organización Industrial (50%)
Idiomas	Grao en Enx en Tecnoloxías Industriais (100%)	Informática	Grao en Enx en Tecnoloxías Industriais (50%)
Matemáticas	Grao en Enx dos Recursos Mineiros Enerxéticos (50%)		

### Xurídico-Social I

<b>Predominio feminino</b>	
Matemáticas	Grao en Economía (60%)

### Xurídico-Social II

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Formación e orientación laboral	Dip en Graduado Social (50%)	Matemáticas	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (50%).
		Idiomas	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (50%)

### Xurídico-Social III

<b>Predominio feminino</b>		<b>Predominio masculino</b>	
Idiomas	Dip Mestre/Lingua Estranxeira (86,7%)	Prácticas en empresas	Grao en Traballo Social (100%)

### Xurídico-Social IV



<b>Predominio feminino</b>	
Idiomas	Grao en Turismo (50%)

### 6.2.3 Competencias brandas

#### Artes e Humanidades II

<b>Predominio feminino</b>	
Grao en Estudos de Galego e Español (50%)	

#### Tecnolóxico

<b>Predominio feminino</b>	<b>Predominio masculino</b>
Enxeñaría en Organización industrial (50%)	Grao en Enxeñaría Forestal (50%)

#### Xurídico-Social II

<b>Predominio feminino</b>	<b>Predominio masculino</b>
	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (100%)

#### Xurídico-Social III

<b>Predominio masculino</b>	
Grao en Traballo Social (100%)	